

Ο χουδαΐσμο



*Por: Elena, Nerea, Alba e Lorena
3ºA,B*

O xudaísmo:

- ❖ O termo xudaísmo refírese á relixión ou crenzas, a tradición e a cultura do pobo xudeu.
- ❖ É a máis antiga das tres relixións monoteístas máis difundidas ,(xunto co cristianismo e o islam), coñecidas tamén como «relixións do libro» ou «abrahámicas», e a menor delas en número de fieis.
- ❖ Do xudaísmo se desglosaron, historicamente, as outras dúas.



Orixe e fundador

- ❖ Xurde arredor do **2000 a.C** en **Canaán** , a Terra Prometida (actual Israel).
- ❖ **FUNDADOR**: Abraham, patriarca que naceu en Ur de Caldea, o sur de Mesopotamia (actual Iraq), e por orde de Deus emigrou a Canaán.
- ❖ Pero na creación desta relixión e tamén dun pobo (o elexido por Deus para chegar a ser unha gran nación santa), participan máis personaxes: Noé, Moisés, reis (David, Salomón), profetas (Elías, Isaías, Xeremías , Ezequiel, Daniel,.....).



Os libros sagrados:


- ❖ **A LEI ESCRITA:** Biblia Hebrea = **TANAK**, nela atópase a historia do pobo xudeo.
 - TORÁ:** Libro da lei ou pentateuco, reúne aos 5 primeiros libros da nosa Biblia: Xén, Ex, Lev, Núm, Dt.
 - NEBIIM:** Libro dos profetas.
 - KETUBIM:** Escritos (poesía, literatura sapiencial, libros históricos).
- ❖ **A LEI ORAL:** **TALMUD**
 - Código civil e relixioso.
 - A súa redacción definitiva levouse a cabo en Babilonia a fin do s.V a.C,
 - Contén 613 prescricións e prohibicións, e afectan a tódolos aspectos da vida cotiá.
 - **Misná e Guemará.**



Os símbolos Xudeos:

A Estrela de David: tamén chamada de Escudo de David ou Selo de Salomón, é un dos símbolos do xudaísmo, emblema composto por dous triángulos equiláteros sobrepostos formando unha estrela de seis puntas, se usou con frecuencia para distinguir as comunidades e provincias reservados para os xudeus desde a Idade Media. Coa creación do Estado de Israel, a estrela de David sobre a bandeira azul e branca tornouse o símbolo do estado.

SIMBOLOXÍA: o triángulo representa a sabiduría e a divindade, pero tamén o feminino e o desexo de acceder a algo elevado. O triángulo invertido é o masculino, Deus por riba do home. Todo isto crea seis pequenos triángulos e dita unión crea unha harmonía entre home –muller, o divino no home, o ceo e a terra, o polo positivo e negativo en equilibrio.



O candelabro de sete brazos: Menorah

❖ Representa os arbustos en chamas que viu Moisés no Sinaí.

Simboliza o árbol da vida, a perfección de Deus pois o nº 7 simboliza a perfección, tamén os 7 días que dura a creación.

❖ Encendíase onde estaba a Arca no antigo templo de Xerusalén.

Actualmente úsase nas sinagogas diante da Arca onde se garda a torah.

❖ **Menorah** rememora se a recuperación do templo polos macabeos, necesitaban aceite pero só tiñan para un día, milagrosamente dura oito días, e os xudeos prenden unha vela cada día durante a januká ou festa das luces.



Lugar sagrado:

O TEMPLO DE SALOMÓN: Construído polo rei Salomón cara o s.X a.C foi destruído e reformado ata que no ano 70 d. C , foi derribado polos romanos , hoxe só queda o **Muro das Lamentacións** , lugar sagrado e de peregrinación para os xudeos, onde os fieis introducen as súas plegarias entre as pedras do muro e rezan para que deus volva a Israel , e oran pola chegada do mesías.

A SINAGOGA: era un edificio cuadrangular, xeralmente cunha gran sala, onde a comunidade xudía reúne tres veces á semana para rezar.

Aquí débátese cuestións importantes para a comunidade e son centros de estudo.



Festas xudías:

- *Son moi importantes para o pobo xudeo, conmemoran un feito significativo da h^a de Israel:*
- *Setembro: Rosh hashaná- Ano Novo xudeo , indica o comezo da creación divina.*
- *Setembro Outubro: Yom kipur- O Día do Perdón.*
- *Setembro Outubro: Sukot- Festa dos Tabernáculos, recorda o peregrinar o pobo xudeo polo deserto.*
- *Novembro Decembro: Januká- Festa das Luminarias, recorda a emancipación dos xudeos fronte ao rei Antíoco que intentaba destruír a súa relixión e forzalos a adoptar a fe grega.*
- *Febreiro Marzo: Pùrim- libro de Ester – festa de alegría polo rescate dos xudeos en Persia.*
- *Marzo Abril: Pésaj- A Pascua – saída da escravitude, do pobo xudeo de Exipto*
- *Abril: Yom hashoá- Conmemoración do Holocausto.*
- *Maio Xuño: Shavuot ou Pentecoste - recorda a entrega dos Dez Mandamentos a Moisés no monte Sinaí.*

Ritos xudíos:

As regras e rituais máis importantes da tradición xudía son:

- ❖ **Circuncisión** aos nenos aos oito días do nacemento.
- ❖ **O Shabbat** (sábado) é o día Sagrado, dedicado ao descanso e ao repouso.
- ❖ **Os alimentos:** prohibido comer carne de porco e marisco. Ademáis, a carne debe ser despedazada e desangrada.
- ❖ **A cerimonia de maioría de idade** aos 13 anos para os nenos (Bar-Mitzvah), e 12 para as nenas.



Vestimenta xudía:

- **A kipá** (Gorriño)
- **O talit** (manto chal rectangular que cubre os hombreiros) [(que se subdivide en katán e gadol).]



O Talit



A Kipá

Día sagrado:

- O día sagrado dos xudíos é o sábado (**sabath**) e nese día non poden traballar, soamente llo dedican a **Yhavé**, ata a comida a deben facer o Venres.

